

# Celga



# 2

## PROBA B (ORAL)

### Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-18-2



## PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre ritos que escravizan. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

### RITOS QUE ESCRAVIZAN

A existencia de certas teimas é algo normal. O problema xorde cando comezan a limitar o tempo e a estabilidade da persoa e convierten en problemática a convivencia con ela. A primeira sorprendida e molesta polo ritual das manías é a persoa que as ten. Non é quen de entender por que lle sucede nin de onde lle vén. Por que se volveu unha maniática?



Parece ser que as manías ou os rituais de comportamento son máis frecuentes:

- En persoas de escaso nivel cultural —e non é sempre o mesmo ter estudos, sona ou nivel económico que ter cultura—, os amuletos, as estampiñas, os xestos estereotipados poden influír nos seus actos.
- En persoas maiores. A medida que unha persoa se vai sentindo máis vella, o temor á propia inseguridade impúlsaa a aferrarse a hábitos ríxidos que se convierten en inflexibles: a hora de xantar, a de ler, a de pasear, a de...
- As persoas afeitadas a vivir soas foron elaborando o seu propio espazo vital inzado de costumes, usos e hábitos. Pero para convivir cómpre flexibilidade e algo de renuncia dos propios costumes.
- Persoas moi ordenadas, perfeccionistas e proclives ao escrúpulo no traballo poden converter un bo hábito en comportamentos inflexibles, é dicir, en manías.
- As persoas extravagantes adoitan ter rarezas, pero non teñen por que ser manías.

Case se podería dicir que existen tantas coma tipos de persoas. Pero se cumprise facer algún tipo de clasificación, salientariamos as seguintes:

- Manías relacionadas coa orde:
  - A necesidade de que todas as cousas da casa estean no seu sitio.
  - A tendencia a colocar os obxectos de maneira simétrica e aliñada.
  - A preocupación por facer recontos unha e outra vez.
  - A rixidez extrema coa puntualidade propia e dos outros.

- Manías arredor da limpeza e da saúde:
  - O medo irracional a enfermarse, que conduce a tomar precaucións esaxeradas, a visitar herboristerías, a acudir a médicos ou curandeiros por síntomas leves, a protexerse con temor de todo.
  - A necesidade de lavar seguido as mans ou a boca.
  - O temor a tocar cousas que tocaran outros.
  - O costume compulsivo de limpar unha e outra vez a casa.
  - O medo esaxerado a contaminarse con produtos alimenticios.
- Manías relacionadas coa seguridade:
  - A tendencia a comprobar unha e outra vez que as portas, fiestras, billas, chaves, luces están debidamente pechadas ou apagadas.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumir*.

**PARTE 2**

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Como se chama?</li> <li>■ A que se dedica?</li> <li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li> <li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Cando se converten os ritos en manías?</li> <li>■ Que tipo de persoas teñen máis tendencia ás manías? En que momentos da vida son máis frecuentes?</li> <li>■ Cales son as teimas máis habituais?</li> <li>■ Se tivésemos que clasificalas, como as ordenaríamos?</li> </ul>	
3. RELATO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: nesta parte o candidato debe relatar unha anécdota ou unha historia. O entrevistador escollera unha das alternativas e diralle ao candidato que faga un relato. Se este non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: que pasou? cando? como? onde? con quen? A opción de relato que se lle dá ao candidato (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.</p>	
<p><b>A.</b> Conte con detalle algunha teima que teña vostede ou alguén coñecido.</p> <p><b>B.</b> Relate algunha anécdota vivida por vostede ou por algún coñecido relacionada con persoas maiores ou que vivan soas.</p> <p><b>C.</b> Fale dalgunhas teimas relacionadas coa orde e a limpeza.</p>	

**4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

Orientacións para o avaliador: a partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato. Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio. As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

**OPCIÓN A**

**«Conte con detalle algunha teima que teña vostede ou alguén coñecido»**

- Ten vostede algunha teima?
- Adoita comprobar sempre as chaves da luz, auga ou gas? Fai outro tipo de comprobacións?
- Cre que hai manías que chegan a escravizar? Cales considera máis frecuentes?
- Ten vostede algún tipo de amuleto ou coñece a alguén que o teña? Cal? Para que?
- Co paso dos anos considera que todos nos volvemos máis teimudos? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto dos amuletos ou das manías?

**OPCIÓN B**

**«Relate algunha anécdota vivida por vostede ou por algún coñecido relacionada con persoas maiores ou que vivan soas»**

- Considera que as manías teñen que ver co nivel cultural da persoa? Por que?
- Convive ou coñece alguén que viva con persoas maiores? Adoitan ser máis teimudas? Considera que as teimas aumentan coa idade?
- Cre que as persoas que viven soas teñen máis manías que as que conviven con máis xente? De que tipo?
- Pensa que as persoas que son extravagantes teñen máis rarezas? De que tipo (orde, limpeza, seguridade)? Cre que teñen máis problemas para as relacións sociais?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre esta forma de comportarse en Galicia e no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN C**

**«Fale dalgunhas teimas relacionadas coa orde e a limpeza»**

- Cales son as principais teimas relacionadas coa orde?
- Considérase vostede unha persoa maniática? Coñece alguén que si o sexa? Como lle afecta á súa vida cotiá?
- Cales son os medos máis frecuentes relacionados coa saúde? Coñece alguén que os teña? E vostede? Como lle inflúe?
- Que manías relacionadas coa limpeza considera máis habituais? Comparte algunha?
- Que obsesións adoitan relacionarse coa seguridade? Por que están motivadas?

(Se procede)

- Considera que hai máis teimas en Galicia ou no seu lugar de orixe?

